

Resolución do 19 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria para a contratación dun estudio sobre o sector e a evolución do prezo da pataca Galicia dende o punto de vista da competencia.

En virtude das facultades conferidas na vixente normativa de contratación, anúnciase a licitación dun contrato menor de consultaría e asistencia suxeito ás seguintes bases:

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Tribunal Galego de Defensa da Competencia (TGDC).
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.
- c) Enderezo: Centro Comercial Área Central, 1º andar, local 34.
- d) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707.
- e) Teléfono: 981 95 75 68.
- f) Fax: 981 95 75 60.
- g) Nº de expediente: 7/07.

2. Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto: realización dun estudio sobre as características do sector e a evolución do prezo da pataca en Galicia dende o punto de vista da competencia.
- b) Prazo de execución: máximo de seis meses dende a adxudicación do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Forma de adxudicación: contrato menor de consultaría e asistencia.

4. Presuposto base de licitación. 10.000 euros (IVE incluído).

5. Forma de pagamento. Unha vez entregado o estudio, despois da presentación da factura xustificativa.

6. Garantía provisional. Non se esixe.

7. Requisitos específicos do contratista.

- a) Clasificación: non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira e capacidade para contratar: de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación: ata as 14:00 h do 13 de abril de 2007.
- b) Documentación que hai que presentar: oferta-presuposto no que se detallará:
 - datos da empresa, organismo ou equipo investigador.

- persoas que desenvolverán o estudo, titulacións académicas e profesionais.
 - experiencia do equipo investigador.
 - outros estudos ou servizos realizados nos últimos 3 anos.
 - métodos de estudio.
 - outra documentación.
- c) Lugar de presentación: no rexistro do TGDC, de 9.00 a 14.00 horas. No caso de que as proposicións se envíen por correo, haberá que aterse ao disposto no artigo 80.4º do Regulamento Xeral de Contratación das Administracións Públicas.

9. Gastos de anuncio no DOG. Por conta do adxudicatario.

10. Especificacións técnicas.

- a) Análise das principais características e das principais magnitudes do mercado.
- b) Delimitación dos mercados de produto: mercados en primeira fase ou orixe, mercados en segunda fase ou intermediación, mercados en terceira fase ou distribución minorista.
- c) Mercados xeográficos: produción e comercialización en orixe; mercados de segunda fase ou intermediación; mercados de terceira fase ou de distribución minorista.
- d) Análise dos prezos e marxes comerciais: evolución das marxes medias.
- e) Análise dos custos da cadea de comercialización: fase de orixe; fase de intermediación: canle tradicional e canle moderna.
- f) Análise da información dos operadores sobre a formación de prezos na cadea de produción e distribución.

11. Criterios de selección.

- a) Experiencia do equipo investigador na materia.
- b) Prazo de execución.
- c) Prezo.

12. Presentación do estudio e dereitos de Propiedade Intelectual.

- a) O estudio deberá ter versión en galego e en castelán. Cada versión presentarase en papel (cinco exemplares debidamente encadernados de cada idioma) e en formato electrónico.
- b) O TGDC adquirirá os dereitos de reprodución por calquera medio da totalidade ou parte do estudio elaborado pola adxudicataria, coa obriga de citar a súa autoría.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2007

O presidente

José Antonio Varela González

